

➤ **A quen vai dirixida?**

Esta materia é complementaria e está asociada a unha materia de referencia (Matemáticas I, Matemáticas II, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I e Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II) e vai dirixida ao alumnado que puidese presentar problemas para superar a referida materia de referencia, ben por ter aprobado en setembro a materia correspondente do curso anterior, por ter promocionado con ela suspensa ou por ter accedido ao Bacharelato despois de cursar as Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas.

➤ **Que contidos ten?**

Este alumnado pode presentar carencias moi distintas que varían dun alumno a outro e non se poden prever de antemán. Daquela, non ten sentido establecer contidos específicos (máis alá dos propios establecidos para a materia de referencia), sendo o profesor e o propio alumnado quen decidan en cada momento as destrezas concretas que se deben traballar, aínda que sempre referidas a:

- Aclaracións sobre aqueles contidos e procedementos que nese momento se estean tratando nas clases da materia de referencia.
- Asistencia na resolución de exercicios ou calquera tipo de tarefa proposta polo profesor da materia de referencia, para facer por conta propia.

➤ **Cales son os seus obxectivos?**

En xeral, as materias de Matemáticas no Bacharelato, adoitan a impartirse a un ritmo vertixinoso e estresante, ao culminar cunha proba de avaliación externa (ABAU) e contaren as súas cualificacións nela, dobremente (no caso de que sexan maiores ou iguais que 5).

Daquela, o primeiro obxectivo para este alumnado é o de dedicar a sesión semanal deste materia a traballar aqueles contidos e procedementos nos que presenten máis problemas preparándoos para superar a materia de referencia.

Por outra parte, boa parte deste alumnado necesita dedicarlle máis tempo á practica de exercicios, polo que, o segundo, pero non menos importante obxectivo, é reforzar as destrezas básicas aprendidas na materia de referencia, realizando máis prácticas complementarias, na sesión semanal de reforzo.

Máis en concreto, en 1º curso de Bacharelato, non se pode esquecer que máis da metade da matrícula de 1º de Bacharelato do noso Centro, corresponde a alumnado que cursou a ESO noutros institutos da comarca. Isto implica que, dentro de cada grupo de clase do antedito curso, existe unha importante deshomoxeneización en canto aos coñecementos da materia por parte do alumnado, algo que ven sendo constatado polo profesorado do Departamento de Matemáticas, curso tras curso.

Pois ben, outro obxectivo particular das materias de Reforzo en Matemáticas de 1º de Bacharelato é o de paliar en parte estes problemas, traballando aqueles aspectos máis desatendidos en 4º de ESO, homoxeneizando os coñecementos do alumnado e preparándoos, en definitiva, para afrontar con máis probabilidade de éxito, a materia de referencia, facilitando a transición entre as dúas etapas educativas que tan traumática resulta para boa parte do alumnado.

Finalmente, non se pode obviar que, en 2º de bacharelato, existe unha proba final de avaliación externa (ABAU) na que a cualificación de Matemáticas II e Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II computan dobremente (no caso de que sexan maiores ou iguais a 5). Por iso, a preparación destas materias cobra tanta importancia e, por extensión, tamén a materia de Reforzo correspondente.

➤ **Que metodoloxía se vai utilizar?**

Este alumnado soe presentar problemas para seguir o ritmo de desenvolvemento das clases da materia de referencia, perdendo con frecuencia explicacións e aclaracións do profesor. Así mesmo, teñen dificultades para realizar con éxito as tarefas propostas para facer pola súa conta na casa, sendo habitual que acudan a unha axuda externa (clases particulares).

Xa que logo, na hora semanal de reforzo, propoñeráselle a elaboración de resumos dos contidos e aprendizaxes mínimos da materia de referencia e, pretendendo evitar en parte as citadas pasantías, guiarase a este alumnado na realización das tarefas encomendadas, poñendo en práctica a aprendizaxe cooperativa de traballo en pequeno grupo, que tan bos resultados soe dar.

Previamente, intentarase que o propio alumnado bote man dos numerosos recursos multimedia que existen na actualidade (por exemplo, a visualización de vídeos de problemas resoltos que abundan na rede), traballando a capacidade de *aprender a aprender* da que soen carecer en boa medida.

Frecuentemente, para levar á práctica o exposto nos parágrafos anteriores, utilizarase a calculadora científica e o software libre matemático Geogebra. E, de cando en vez, antes do tratamento dos contidos cos que teña relación, visualizarase algún vídeo das coleccións dispoñibles no Departamento de Matemáticas.

➤ **Haberá exames?**

Non consideramos necesario que se realicen exames nunha materia voluntaria de libre configuración como esta, cando o alumno xa os ten que facer na materia de referencia.

Ademais, o profesor pode facer un seguimento pormenorizado de cada alumno, ao tratarse dun grupo reducido. Daquela, en base ás observacións que de el vai rexistrando e aplicando os instrumentos contemplados na Programación Didáctica en vigor, o profesor establecerá unha cualificación de seguimento, que se integrará nunha proporción aproximada do 20%, na nota de seguimento diario que se lle outorgará na materia de referencia.

➤ **O profesor será o mesmo que o da materia de referencia?**

O curso pasado, así foi. Ademais, é compromiso do Departamento intentar que o mesmo ocorra o vindeiro curso académico, pois de non selo, esixiría unha coordinación constante entre o profesorado de Reforzo e o da materia de referencia que da outra forma é innecesaria.

De todas formas, non se pode garantir dado que depende da elección de materias e grupos de clase, por parte do profesorado, que se realiza a principios de curso e non sempre é posible, debido complexidade inherente ao propio reparto.